

A ESTATÍSTICA COMO FERRAMENTA DE COMPREENSIÓN DA NOSA REALIDADE

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, MARÍA ÁNGEL

IES Agra do Orzán (A Coruña)

1. Introducción

Esta comunicación expón como se pode utilizar a estatística no ensino secundario para entender e explicar procesos da vida cotiá.

No IES Agra do Orzán hai un Club de Ciencias. Dentro del, réunese o Club Matemático, un grupo de alumnos e alumnas que dedican a súa investigación á estatística, nas súas horas libres, voluntariamente e sen contar para a nota, coa intención de se presentar ao Concurso de Incubadora de Sondaxes e Experimentos de SGAPEIO (Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións). Este ano gañaron a Fase Galega e a Fase Nacional na categoría de Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio co traballo titulado “Onde caben dous, caben cinco”.

2. Fundamentos teóricos e metodolóxicos

Neste traballo escolleron estudar a evolución demográfica da Coruña, do barrio do instituto (a Agra do Orzán) e, por último, do propio centro.

Comezaron por examinar diversas novas da prensa nas que se mencionaba a poboación masificada e inmigrante do barrio, o que espertou o seu espírito crítico e motivou a súa investigación. Analizaron as páxinas do Observatorio Urbano da Coruña e comprobaron que recollían datos dun organismo oficial, o INE (Instituto Nacional de Estadística). Puxéronse en contacto coa ONG “Ecos do Sur”, cuxa información lles proporcionou unha perspectiva diferente sobre o reparto de poboación e riqueza da nosa cidade. Fixeron unha enquisa no IES sobre o país de nacemento e nacionalidades do alumnado e, por último, comprobaron cos datos do centro o noso mapa de orixe. Analizaron toda a información recollida e presentárona nun informe escrito ao concurso. E unha vez superada a fase preliminar do concurso, foron seleccionados como finalistas e expuxeron o traballo en público.

3. Experiencia

O seu obxectivo foi elaborar un proxecto, en todas as súas fases, no que se demostre a importancia da Estatística e a súa aplicación na vida real, pero ademais de mellorar os coñecementos e as competencias no relativo á Estatística, conseguiron desenvolver o seu pensamento crítico, usar

as TIC como medio de elaboración e presentación de resultados, traballar en equipo, ser conscientes das desigualdades sociais, analizar de primeira man a distribución da poboación na nosa cidade, no noso barrio e no noso instituto, comprobar que o noso barrio é o máis densamente poboado da cidade, poñer en valor o noso barrio e as as diferentes culturas e ONGs que hai nel, e mellorar a súa capacidade para investigar, informar e comunicar. Case nada!

O traballo achegounos á realidade do barrio da Agra do Orzán, das aulas, e dos seus compañeiros e compañeiras de orixe estranxeiro, polo que aproveitaron para falar con elas e eles deste tema. Descubriron que viñeron a España porque querían conseguir unha vida e un futuro mellor; novas oportunidades de traballo..., e case todas as persoas deixaron no país no que vivían gran parte da súa familia. Contáronlles que se sentían a gusto no barrio e no instituto. Porén, a maioría bota en falta a familia que deixou, as súas amizades e os seus costumes. Malia todo isto, séntense acollidos e cómodos aquí, e descubriron que o IES Agra do Orzán é un centro educativo acolledor, multicultural, diverso e integrador.

4. Conclusións

As conclusións do traballo son, entre outras:

- i) o noso barrio ten a maior densidade do poboación da cidade da Coruña, e cun valor maior có de grandes cidades coma Londres;
- ii) a poboación estranxeira predominante na Coruña é a de América;
- iii) a Agra do Orzán é o segundo distrito con máis poboación estranxeira;
- iv) as pirámides de poboación dos diferentes distritos indican que en toda a cidade a poboación comeza a estar envellecida;
- v) os distritos cunha menor renda por fogar na cidade son os mesmos que teñen unha maior poboación de orixe estranxeira;
- vi) no IES Agra do Orzán hai un 14,9% do alumnado con outra nacionalidade distinta á española ou con varias nacionalidades;
- vii) con respecto aos proxenitores do alumnado, nun 36% non naceron os dous proxenitores en España;
- viii) no IES Agra do Orzán hai 21 países estranxeiros de nacemento e 16 nacionalidades estranxeiras;

As principais conclusións como profesora son que a Estatística é unha rama das matemáticas que motiva a investigación no alumnado. A participación nos concursos de SGAPEIO é unha experiencia moi gratificante para todos eles/as e moi emocionante cando chegan a ser finalistas na Facultade de Matemáticas; e resultando o equipo gañador moito máis. Presentarse aos nacionais, este ano en Toledo, convivir con outros compañeiros e compañeiras coas mesmas inquedanzas, expoñer en público, contestar as preguntas do tribunal, sempre tan pedagóxicas, unha experiencia chea de nervios e sorrisos, e gañar nos nacionais foi para todos e todas o mellor do curso.